

Colección: Fondo: Luís Seoane depositado na Fundación Luís Seoane.

Ficha documental da epistola de Ricardo Palmás, a Luís Seoane do 19/10/1971

Colección:

Data: 19/10/1971

De:

Ricardo Palmás;

Para:

Luís Seoane;

Orixe:

Bos Aires (de cidade autónoma), Arxentina (nacional), América (continental)

Ficha descriptiva:

[Carta mecanografada con firma autógrafa]

Temáticas:

A morte en Venecia; Artes; Artes visuais; Cine; El conformista; Emigración; Espazos artísticos; MASH; Migracións; Outubro; Pasatempo de Betanzos; Peronismo; Política; Quilapayun; Trampa 22; Verano del 42;

Mencionados:

Carmen Arias “Mimina”; Alcides Aufranc; Bernardo Bertolucci; José María Cao; Castelao; Bieito Cupeiro; Xosé Díaz; Serguói Eisenstein; Ricardo Flores; Arturo Frondizi; Marika Gerstein; Paco Ibáñez; Roberto Marcelo Levingston; José Martínez Romero; Joan Miró; Víctor Luís Molinari; Juan Carlos Onganía; Julio Payró; Juan Domingo Perón; Pablo Picasso; Moisés da Presa; Raimon; Maruxa Seoane; Mercedes Sosa; Lorenzo Varela; Daniel Viglieti; Luchino Visconti; Mao Zedong;

Transcrición da epistola de Ricardo Palmás, a Luís Seoane do 19/10/1971

Buenos Aires, 19 de outubro de 1971

Meu querido Seoane:

Sen dúbida a nosa correspondencia anda desnorreada, xa que debéronse perder cartas suas e miñas. Cómo van Vd. e máis a Maruja? Supoño que o seu traballo co monumento de homaxe ao emigrante debe estar ben adiantado. Eu estou con moito traballo, ademáis do de turismo estou nun equipo que está a elaborar o plan regulador da cidade de Olavarría, unha experiencia mui interesante aínda que non me deixa moitos cartos. Na facultade perdeuse cuase totalmente o ano deica hoxe

non puiden examinar-me en ningunha das asignaturas que me faltan; o mércores próximo poderei examinar-me en Antropoloxía, sempre que non suceda nada denantes.

Pra falar dos nosos vellos “amores”, direille que da coletividade pouco lle podo dicir. Hai unhas semanas atopeime con algúns dos homiños da Irmandade –Cupeiro, Florez e Dapresa– pidíronme contas pola miña conferencia en Barcelona, e daí orixinouse unha discusión mui forte. O proieto que Vd. presentou no C[entro] Galego caíu xa nas maos da xentiña de sempre, sei por Martínez Romero que andan con el ao lombo o Cupeiro, o Molinari e algún outro que non lembro quen é; consecuencia de todo non farán nada ou farán o de sempre, unha trangallada. Respeito disto teño mentes de falar con Lorenzo Varela pra ver si podo publicar na colección “La historia popular” do Centro Editor de América Latina un traballiño sobre a nosa emigración na Arxentina (cuio índice temático lle adxunto). Por culpa del estou escribindo uns contos con estorias de emigrantes e de fillos de emigrantes, eu non estou mui conforme, pro Varela pensa que están ben.

Xa estará enterado do golpiño de estado que tivemos a semana derradeira, continúan os rumores sobre posibles levantamentos militares. Antonte correu o rumor da sublevación de Campo de Mayo, pro non pasou de ser un rumor destinado á especulación financeira, o que si houbo foi un asado que pode ser o prólogo dunha conspiración (entre chourizo e chourizo un militar pode matinar muitas falcatuadas). O certo é que semella haber polo menos tres golpes en marcha; un liderado por López Aufranc de corte liberal na liña económica e brasileiro en ideoloxía; outro no que estarian misturados elementos nacionalistas e desenrolantes con Onganía, Levingston e xente fondicista, e non podía faltar o sempiterno golpe de coroneles supostamente peruanistas. Por outra banda o goberno segue xogando ao GAN (Gran Acuerdo Nacional) namentras siguen actuando grupos parapoliciales metendo bombas (tocáronlle dúas ao Centro Editor e máis outra á Editorial Galerna) e raptando xente que na mor parte dos casos non aparece nin viva nin morta. O deterioro económico é cada vez maior e non se albisca no horizonte posibilidade de solución. Os militares están mosqueados polo éxito brasileiro, sen se decatarse que foron eles mesmos os que botaron abaixo esa posibilidade cando botaron a Frondizi e que hoxe os EEUU teñen xogadas as súas cartas no Brasil onde o réxime semella ter desartellado á oposición de esquerda legal e aos grupos insurreccionais. Os radicais seguen co seu vello esquema de recrutamento de afiliados e o peronismo participacionista indo e vindo de Madrí –a nosa nova Meca– pra negociar e enfrentar ás liñas supostamente socializantes dese movemento. É tremendo ver muita xente moza universitaria que pensa que unha volta de Perón ao poder pode representar o camiño pra instauración do socialismo ou dun certo tipo de socialismo chamado “nacional” na Arxentina. Cada vez que falo con algún deles –mellor dito que discuto– quédome parvo; cheguei a escuitar cousas tan peleriñas como que o pensamento de Perón, nin que fose Mao, era verdadeiramente dialéctico. Supoño que o poder será o día que poida atinxir a síntese. Como verá a cousa élle ben entangarañada.

Mañán estrease Outubro de Eisenstein, e aínda que pareza sorprendente vai nunha sala comercial de Corrientes. Niste intre hai media dúcia de filmes francamente bons. O conformista dun italiano Bertolucci que é unha reflexión sobre o fascismo através dunha historia particular un pouco ao estilo do que fixo Visconti co nazismo, mais con persoaxes pequeno-burgueses. Trampa 22 unha sátira anti-bélica de orixen norteamericano do tipo de MASH. Verán do 42 tamén norteamericana que conta con muita poesía o pasaxe de nenez á adolescencia a través da iniciación sexual dun rapaciño de 15 anos. Leva meses de esibición Morte en Venecia de Visconti, que é unha maravilla, penso que polo tema tan “equivoco” pra un censor

non a van dar en España, se cadra ceais nalgunha das próximas “aberturas” do réxime. A cinemateca continua organizando uns ciclos estupendos e os fins de semana repoñense moitas películas en cine-clubes e outras asociacións, escollidas con moi bo criterio.

Xa saberá do éxito de Paco Ibáñez e máis Raimon. O primeiro actuou no Opera nunha sala cheiña. Foi pena que dera un único recital. Na miña vida vin tanta xente sentada nun escenario. Sorprendeume ademais que o público soupera os nomes de cancións e que berraran pedindollas. Pro moito máis me sorprende o éxito de Raimon. Os cataláns estaban pasmados, eles contrataran por tres días a salina do Payro que é ben pequena e atopáronse con que a demanda esedía todo o previsto, tiveron que repetir na semana seguinte os recitales. Por certo hoxe pola noite no Gran Rex preséntase Raimon novamente xunto con Mercedes Sosa, o uruguaio Viglietti e o conxunto chileno Quilapayun.

De exposicións pouco lle podo falar. Soio fun ver unha de xoias e obxectos de ouro precolombinos, no San Martín e agora quero ir ver a de arte precolombino peruano que se fai en Belas Artes, pra que Marica Varela prestou algunhas pezas.

Se vai polo Castro pídalle ao Xosé ou a Mimina que me manden uns exemplares da bibliografía de Castelao.

Unha forte aperta pra Maruxa e Vd, de

Ricardo

[Manuscrito na marxe esquerda:] Soupen por Martínez Romero da exposición que fixeron con gravados de Picasso e máis Miró. É comovedor pensar que iso se fixo nunha aldeíña.

[Anexo.]

La inmigración gallega

1.- Gallegos, gaitas y yoyegas

2.- La época colonial

- 2.1.- los primeros gallegos en el Plata
- 2.2.- los establecimientos patagónicos
- 2.3.- las invasiones inglesas
- 2.4.- los “ilustrados” gallegos
- 2.5.- gallegos por la libertada

3.- El aluvión inmigratorio

- 3.1.- formación y desarrollo de una colectividad
- 3.2.- el gallego frente a los argentinos
- 3.3.- influencias en la vida argentina

4.- Presencia de la Argentina en Galicia

Material gráfico

soldado del Tercio de Galicia
bandera del Tercio de Galicia
pendón del Tercio de Galicia
Casa de Cerviño (Rivadavia y Chacabuco)
Retrato de Cerviño
Deembarco de inmigrantes en Bs. As.
orfeones gallegos en el carnaval de antaño
orfeón gallego en la fundación de la Plata
caracterización de un gallego en el sainete porteño
carátula de la música del tango "Galleguita"
Almacén "La flor de Galicia"
Pizzeria anunciando empanadas gallegas
caricatura de José Ma. Cao
Acto de adhesión a la Rep. Española o autonomía gallega
foto con periódicos y revistas gallegas editadas en Bs. As.
edificio del C. Gallego
Manifestación gallega de adhesión al 150 aniversario de la Rev. de Mayo
Escudos argentinos y otros elementos decorativos del Pasatempo de Betanzos
Escuela "La Argentina" en alguna localidad gallega

[Manuscrito:] Si Ud. sabe de otros materiales hágamelo saber, en especial para graficar la presencia argentina en Galicia

Aviso legal do Consello da Cultura Galega

A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.

De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.

O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.

Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":

A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.

A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.

Consultas e colaboracións:

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en epistolarios@consellodacultura.gal ou no teléfono 981957208.